

Juan Alonso e Alfonso Romero
Na celebración do San Xoán

AMICOS
.org

NEWSLETTER



2º TRIMESTRE 2026



PROXECTOS

**BOSQUE AZUL ASTURIAS,
COIDANDO O CANTÁBRICO**

pax.2

02/06/26



CELEBRACIÓN

**CELEBRAMOS A ASEMBLEA E
A IV COMIDA DAS FAMILIAS**

pax.2

06/06/26



RECOÑECIMENTOS

**MONTE VIVO PREMIADO NOS
BBVA FUTURO 2026**

pax.2

17/06/26



VISITAS

**O COMITÉ SOCIAL AROUSA-LAB REÚNESE
PARA FACER BALANCE E RESTAURAR
FONDOS MARINOS EN AGUIÑO**

pax.3

19/06/26



DÍAS MUNDIAIS

**O SAN XOÁN DE AMICOS, UNHA FESTA CHEA
DE XOGOS, SORPRESAS, BOS MOMENTOS E
MOITA TRADICIÓN**

pax.3

23/06/26

a mosa familia



RESTAURACIÓN DE FONDOS MARIÑOS CON BOSQUE AZUL ASTURIAS

Se ben nos últimos meses @s nos@s activistas medioambientais visitaron Asturias en varias ocasións para conducir xornadas de restauración medioambiental, a comezos de xuño lanzamos Bosque Azul Asturias, un proxecto co que colaboraremos na recuperación dos bosques de kelp da costa asturiana.

No marco desta iniciativa, @s activistas medioambientais participan en distintas accións de restauración mariña xunto a Fundación Caja Rural Asturias, persoal investigador e profesionais do sector pesqueiro da confrarías de Cudillero e Luearca.

O proxecto permitirá recuperar un ecosistema clave moi afectado na costa asturiana, ao tempo que fomentamos o papel activo e vital das persoas con discapacidade intelectual na sociedade e no coidado da natureza, a través da condución deste tipo de iniciativas.

ASEMBLEA E COMIDA DAS FAMILIAS PARA CONTINUAR A FORTALECER AMICOS

O sábado 6 de xuño, máis dun cento de persoas participou nunha das citas máis importantes da nosa entidade: a Asemblea Xeral e posterior IV Comida das Familias.

Durante a mañá o equipo directivo presentou os resultados do último exercicio, nunha sesión na que se falaban dos proxectos que xa están en marcha e se explicaban os retos que temos por diante nos próximos meses.

A continuación, chegou a comida de convivencia, que volveu reunir persoas usuarias, familias e profesionais, nun ambiente próximo e distendido. Un encontro no que fortalecer lazos, informar e reforzar unha comunidade que non deixa de medrar.



‘MONTE VIVO’ É RECOÑECIDO NOS PREMIOS SOLIDARIOS BBVA FUTURO

O noso proxecto **Monte Vivo** foi recoñecido na categoría Medio Ambiente da VIII Convocatoria Solidaria BBVA Futuro 2026. Este apoio permítenos continuar a impulsar o traballo que desenvolvemos na prevención de incendios forestais e na recuperación do monte galego da Caridade, unha localidade especialmente afectada polos incendios forestais do verán do 2025.

A través desta iniciativa, persoas con discapacidade intelectual participan en tarefas de limpeza, roza e silvicultura preventiva, contribuíndo ao coidado do territorio mentres adquiren experiencia e fortalecen as súas competencias profesionais.

Un recoñecemento que reforza a unión de inclusión e sustentabilidade, e que nos anima a seguir traballando pola inclusión e a restauración ambiental.

AROUSA-LAB CONTINUÁ SUMANDO ARREDOR DA CULTURA MARIÑEIRA

A comezos de xuño celebramos en Aguiño unha nova reunión do Comité Social de Arousa-lab, presidida pola directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Ángeles Vázquez, e o director xeral de Amigos, Xoán España.

Nela puxemos en común o traballo realizado para poñer en valor o traballo da xente do mar e a cultura mariñeira da zona, e participamos nunha xornada de restauración de fondos mariños, na que colaborou tamén o equipo de Octolarvae de Profand.

Arousa-lab continúa creando espazos de colaboración entre diferentes axentes do territorio, nos que os activistas de Amigos teñen un papel destacado.



DAMOS A BENVIDA AO VERÁN CUNHA FESTA DE SAN XOÁN INOLVIDABLE

Como xa é tradición en Amigos, en xuño celebramos o San Xoán, unha das festividades tradicionais máis esperadas do ano, tanto para as persoas que acoden aos nosos centros como para o equipo.

Durante a celebración, que levamos a cabo no Parque Estuario de Boiro, participamos en xogos tradicionais, probas por equipos, música e diferentes actividades pensadas para compartir e pasalo ben.

Tralas actividades, chegou o momento de compartir xuntos a comida de San Xoán, tralo que desfrutamos da representación do xa mítico conxuro da queimada.

Unha vez máis, compartimos unha mañá de bos momentos poñendo en valor as nosas tradicións.

sección 

camión contra corrente

hoxe falamos con...

Jose Antonio Santamaría

Patrón maior da Confraría de Carreira e Aguiño

Como comezou a alianza entre a Confraría e Amigos? A colaboración comezou co proxecto ReMar, fai xa varios anos. Presentáronnos a iniciativa e desde o primeiro momento tivemos claro que queriamos implicarnos. Participamos en recollidas de residuos e os activistas medioambientais de Amigos ensináronnos a separar e reciclar correctamente o lixo recollido. Para nós era unha colaboración moi lóxica, porque quen vivimos do mar somos tamén os primeiros interesados en coidalo. Ao final, calquera acción que contribúa a conservar o medio mariño repercute directamente no noso traballo e no futuro da pesca.

Comezou con ReMar, pero despois chegaron outros proxectos como Arousa-lab, Cabalga... que supón para a xente do mar e como se traduce no día a día? Son un impulso para que a xente do mar vaia máis alá do seu traballo, para que medre o interese por coidar o que nos rodea e intentemos axudar á natureza ao máximo, porque ao final vivimos dela. Ao principio resulta complicado, porque require dedicarlle tempo unha vez que chegas do mar e deixas o produto na lonxa; é tempo que lle quitas ao teu tempo libre. Por iso digo que Amigos é esa inxección que nos fai ver que temos que poñernos as pilas e darlle prioridade ao coidado do mar; ao final é o que nos dá de comer. O máis importante é conseguir que nun futuro isto sexa sustentable e que poidamos seguir traballando dignamente, e para iso hai que implicarse.

Que destacariades da labor que realiza Amigos? Que intentades facer todo o mellor posible polos ecosistemas e pola natureza. Sodes un equipo fantástico, unha inxección de enerxía que sempre está tirando polas persoas e impulsando a colaboración para seguir avanzando. Ao final temos un obxectivo común: conseguir que cada vez máis xente se implique no coidado do mar e do medio natural.

Que supón para a xente do mar ver que as especies que restaurades nos fondos mariños van para adiante? Para nós é ver futuro, é ver a posibilidade de que os nosos recursos melloren. Demóstrache que isto é unha cadea, e que o que estamos facendo está beneficiando ao ecosistema mariño e, ao final, somos nós os que traballamos aí todos os días e vemos como evoluciona. Demóstranos que este é o camiño. A mellora vese en poucos meses, ves como agarran as pradeiras, as gorgonias... e iso dános unha alegría moi grande polo traballo e polas horas dedicadas, porque sabemos que vai ter repercusión nun futuro próximo. Tamén é unha satisfacción ver que cada vez se unen máis persoas e máis confrarías. É un orgullo ser dos primeiros e comprobar que isto vai para adiante.

AMICOS
.org





os nosos colaboradores

OS EQUIPOS DE AMICOS E VEGALSA -EROSKI VIVIMOS UN MES DE ABRIL ESPECIALMENTE INTENSO



A colaboración entre Vegalsa-Eroski e Amicos volve traducirse en accións concretas sobre o territorio, mostrando que esta é unha alianza con impacto para o medio ambiente e para a sociedade.

Neste senso, en abril a valorización de máis de 30.000 quilos de residuos permitiron que a distribuidora alimentaria continuase apoiando proxectos de conservación mariña impulsados pola nosa entidade. E xa en terra, volvemos colaborar nunha nova xornada de reforestación no Monte da Caridade, en Ourense, onde recuperamos máis de dúas hectáreas con especies autóctonas.



sección o noso motor

hoxe falamos con...

Sergio González residente no Fogar Amicos



Que é o que máis che gusta do centro?

O que máis me gusta son as saídas ás festas e as actividades como Larpeiros, na que Deisi nos ensina a realizar recetas, como unha boa madalena, galletas...

Que apoio recibes por parte de Amicos no día a día?

Lévome moi ben c@s técnic@s. O meu caso non é como o de outr@s compañeir@s, eu son case autónomo, pero axúdan-me moito nas actividades, ou cando necesito falar, que me escoitan e danme consellos. Desde que estou aquí estou moi ben, e sempre me din que teño boa conduta.

Que che gustaría que cambiemos ou melloremos?

Todo o que sexa mellorar está ben. A min gústame moito a natureza, entón gustaríame que houbera máis días de actividades como Hortícolas, á que imos coa rapazada do IES Barraña e cos xubilados de Boiro.



a familia crece

+1200 persoas atendidas diariamente

+372 empresas socias **+1125** persoas socias

Persoas que apoiamos a persoas. Nos últimos 3 meses o noso equipo de captación conseguiu **máis de 195 novos socios**, que sumamos aos que xa dispoñíamos en marzo.

Grazas a eles, imos logrando os recursos necesarios para a nosa entidade, e que as distintas áreas poidan mellorar a inclusión, formación e o lecer dos nosos beneficiarios.

Queres axudarnos ou facerte socio? Fala co departamento de Fundraising ou escribe a somosamicos@amicos.org - **Apoiar ten recompensa!**